

ORDENANZA Nº 34 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE ADAPTADO PARA PERSOAS DEPENDENTES

ARTIGO 1. CONCEPTO E FUNDAMENTO LEGAL.

De conformidade co previsto no artigo 127 en relación cos artigos 41 e seguintes do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no seu exercicio da potestade regulamentaria que ten recoñecida pola Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, este Concello establece o “prezo público pola prestación dos servizos de transporte adaptado para persoas dependentes”, levados a cabo polo Concello de Narón mediante xestión indirecta, que se rexerá pola presente ordenanza.

O Servizo de Transporte Adaptado para persoas dependentes contéplase como un servizo complementario do Servizo de Apoio á Mobilidade Persoal (065).

ARTIGO 2. OBRIGADOS AO PAGO.

Estarán obrigadas ao pago do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas físicas, destinatarias directas ou indirectas, beneficiarias do servizo de transporte adaptado para persoas dependentes.

Ao ser o Servizo de Transporte Adaptado para persoas dependentes complementario do Servizo Galego de Apoio a mobilidade, a condición para ser usuario do Transporte Adaptado estará supeditada a que o servizo que se preste non sexa asumido ou sexa denegado previamente polo 065, ou ben tratarse dun servizo específico non contemplado polo 065.

Estarán exentas de pago aquelas persoas usuarias con escasos recursos, cuxa unidade de convivencia teña unha ingresos anuais inferiores ao IPREM, salvo que exista persoa responsable subsidiaria do pago da prestación e/ou cobertura do servizo.

A estes efectos, enténdese por situación de escasos recursos aquela na que os ingresos da unidade familiar de convivencia non superan o IPREM vixente, incrementándose o cómputo nun 20% por cada menor, discapacitado ou persoa maior, dependentes da unidade de convivencia, e que non sexan propietarios de bens inmoables agás o domicilio familiar, de acordo coas seguintes regras:

- Este incremento dun 20% inclúe ao propio solicitante, si concorre o requisito de ser discapacitado.
- Si o menor dependente da unidade de convivencia tamén é discapacitado, o incremento será dun 20% por cada unha de esas situacións concorrentes.
- Por persoa maior enténdese a estes efectos o maior de 65 anos (non o maior de idade), xa que a consideración a ter en conta é a “discapacidade” das persoas dependentes da unidade de convivencia, e á dependencia da unidade de convivencia do maior de 65 anos”.
- O porcentaxe de incremento do 20% de persoa maior de 65 anos non é acumulable ao de discapacidade.
- A dependencia da unidade de convivencia entenderase cando o membro da unidade de convivencia perciba ingresos inferiores ao IPREM, que é o indicador utilizado en todo o baremo.
- Os ingresos que se teñen en conta son os de toda a unidade de convivencia, que son os das persoas que conviven no mesmo domicilio, e non a renda per cápita.

ARTIGO 3. CONTÍA A ABOAR.

A contía que corresponda aboar pola prestación do servizo, en cada unha das modalidades relacionadas a continuación, virá determinada polos quilómetros percorridos en cada ruta establecida, cun custo estimado de **0,56 euros por quilómetro, IVE incluído**.

Os usuarios da zoa rural aboarán por este servizo a cantidade que resulte de aplicar ao custo do prezo por quilómetro un máximo de 11 Km por viaxe (incluído ida e volta), caso de que os quilómetros a recorrer entre viaxe de ida e volta supere os 11 quilómetros.

Establécense na táboa seguinte unhas porcentaxes do custo a financiar polos respectivos usuarios segundo a modalidade do servizo a prestar en función dos ingresos da unidade de convivencia,

INGRESOS	Fixo	Esporádico	Extraordinario
Ata 100 % IPREM	0 %	0 %	0 %
Desde 100% ata 150% IPREM	50 %	75 %	100 %
Desde 150 % IPREM	75%	100 %	100 %

O IPREM ao que se refire os porcentaxes que se aplican en función dos ingresos da unidade de convivencia, é o resultante de facerlle os incrementos a que se refiren as regras contempladas no artigo 2.

É obriga formal da persoa usuaria comunicar ao Concello calquera modificación relativa aos ingresos de calquera membro da unidade familiar de convivencia dentro do prazo dun mes desde que se produza. Anualmente, o Concello poderá requirir ás persoas usuarias unha xustificación da situación económica da unidade familiar de convivencia, para efectos de actualizar a súa renda persoal anual e o corresponde prezo a aboar.

ARTIGO 4. MODALIDADES.

Entenderase como servizo “**FIXO**” todo aquel servizo concertado con antelación e que sexa reiterado no tempo.

Como servizo “**ESPORÁDICO**” aquel que sendo concertado con antelación non é reiterado no tempo.

Como servizo “**EXTRAORDINARIO**” entenderase todo aquel que non sexa concertado con antelación.

ARTIGO 5. OBRIGA DO PAGO E MOMENTO DE COBRO.

A obriga de pago do prezo público regulado nesta ordenanza nace desde que se solicite a prestación ou se presten os servizos.

1. O pago do prezo público efectuarase de acordo coas seguintes regras:

- Cando se trate de servizos de remuneración mensual aboarase mensualmente por conta bancaria con carácter posterior á prestación do servizo, podendo aboarse en efectivo en casos excepcionais.

Neste caso o recibo xirarase o día primeiro do mes seguinte no caso do que o servizo empece a prestarse entre o día 1 e 15 do mes, e o día primeiro do segundo mes seguinte o inicio do servizo cando este empece a prestarse entre o día 16 e o último do mes, na conta que o usuario deberá sinalar para ó cargo correspondente

No caso de non pagamento de dúas mensualidades causará baixa de oficio na prestación do servizo.

- Cando se trate de servizos esporádicos ou extraordinarios de remuneración única, ao formular a solicitude ou inscrición.
- En caso de solicitude de servizo de urxencia por teléfono nos dous casos anteriores, o cobro será realizado unha vez rematado o servizo.

2. Cando por causas imputables ao obrigado ao pago o servizo non se preste, procederá igualmente ao pago do mesmo.

3. As débedas por este prezo público poderán esixirse polo procedemento administrativo de constrinximento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Os ingresos que os usuarios efectúen á Asociación Sociocultural de Minusválidos pola prestación do servizo de transporte adaptado será compensada polo Concello canto lle efectúe o pago da subvención por tal concepto.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.